

Venres, 18 de febreiro de 2022

Núm. 34

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

### Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DECRETO DA ALCALDÍA DE ADAPTACIÓN E IMPULSO DA ADMINISTRACIÓN  
ELECTRÓNICA NO CONCELLO DE PONTEVEDRA*

#### ANUNCIO

En data 07/02/2022 ditouse o seguinte Decreto:

*“DECRETO DA ALCALDÍA DE ADAPTACIÓN E IMPULSO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NO  
CONCELLO DE PONTEVEDRA*

A Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos regulou por primeira vez o dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC) e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP) regularon de xeito máis profuso a Administración electrónica, modificando, entre outros extremos, o réxime das notificacións administrativas. Este marco xurídico foi completado polo máis recente Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (RAFME).

En relación coa práctica das notificacións a través de medios electrónicos o artigo 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, dispón no seu apartado 1, que “As notificacións por medios electrónicos practícanse mediante comparecencia na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante, a través da dirección electrónica habilitada única ou mediante ambos sistemas, segundo dispoña cada Administración ou Organismo” e engade que, aos efectos do previsto nese artigo, enténdese por comparecencia na sede electrónica, o acceso polo interesado ou o seu representante debidamente identificado ao contido da notificación.

A Dirección Electrónica Habilitada única (DEHú) defínese no apartado 1 do artigo 44 do RAFME como o sistema de información para a notificación electrónica cuxa xestión corresponde ao Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital en colaboración co Ministerio de Política Territorial y Función Pública.

Nese mesmo artigo contéplase a adhesión á Dirección Electrónica Habilitada única sinalando que todas as Administracións Públicas e os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes colaborarán para establecer sistemas interoperables que

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: NZZ4Y7QBWXLOAGHZ



Venres, 18 de febreiro de 2022

Núm. 34

permitan que as persoas físicas e xurídicas poidan acceder a todas as súas notificacións a través da Dirección Electrónica Habilitada única, tal e como establece o artigo 43 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Esta previsión será aplicable con independencia de cal sexa a Administración que practica a notificación e se as notificacións se practicaron en papel ou por medios electrónicos.

En definitiva, a DEHú configúrase como o servizo de notificacións electrónicas que permite acceder a todas aquelas notificacións que as diferentes Administracións Públicas teñan publicadas na mesma. De tal xeito, que se confire aos interesados, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, o dereito a ser notificados en calquera caso a través da Dirección Electrónica Habilitada única, debendo adherirse a esta todas as Administracións Públicas, así como os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes.

A disposición adicional segunda da LPAC contemplou a adhesión das Comunidades Autónomas e Entidades Locais ás plataformas e rexistros da Administración Xeral do Estado. Esta disposición estableceu que para cumprir o previsto en materia de rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, arquivo electrónico único, plataforma de intermediación de datos e punto de acceso xeral electrónico da Administración, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais poderán adherirse voluntariamente e a través de medios electrónicos ás plataformas e rexistros establecidos ao efecto pola Administración Xeral do Estado, indicando expresamente que a non adhesión deberá xustificarse en termos de eficiencia conforme ao artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira.

A Administración Xeral do Estado desenvolveu unha serie de aplicacións e solucións co obxectivo de favorecer a reutilización por todas as Administracións Públicas e, entre estas, atópase Notifica, un servizo compartido de xestión de notificacións. Notifica proporciona unha plataforma común para xestionar automaticamente todas as notificacións e comunicacións que se xeran nas Administracións Públicas. A través de Notifica permítese a entrega de notificacións e comunicacións mediante comparecencia electrónica na DEHú.

Inicialmente o Concello de Pontevedra iniciou a comunicación de notificacións electrónicas por comparecencia na sede electrónica, atopándose todas as notificacións unicamente na sede electrónica do Concello. Con todo, en aras a dar cumprimento ao actual marco normativo e á prestación dun mellor servizo ao conxunto da cidadanía, a partir do 8 de febreiro de 2022 o Concello de Pontevedra comenará a empregar o servizo de xestión de notificacións Notifica, proporcionado pola Administración Xeral do Estado, de tal xeito que, todas as notificacións e comunicacións do Concello de Pontevedra estarán dispoñibles na Dirección Electrónica Habilitada única.

A partir da data sinalada, poderase acceder ás notificacións depositadas polo Concello de Pontevedra na DEHú por dúas vías:

- A través do portal <https://dehu.redsara.es/>, autenticándose con certificado electrónico ou Cl@ve PIN.
- A través da comparecencia na sede electrónica do Concello de Pontevedra, que permite o acceso directo á DEHú.



Venres, 18 de febreiro de 2022

Núm. 34

Para acceder as notificacións depositadas na Dirección Electrónica Habilitada única é preciso identificarse, mediante a utilización de sistemas de identificación que determine a Administración do Estado en cada momento. Na data en que se emite a presente resolución os sistemas de identificación que determinou a Administración do Estado para acceder a ditas notificacións son os baseados nalgún dos seguintes medios:

- Certificados electrónicos, entre os que se atopa tamén o Documento Nacional de Identidade (DNI) electrónico.
- Cl@ve PIN24H con seguridade alta, que é un sistema de contrasinal de validez moi limitada no tempo, orientado a usuarios que acceden de xeito esporádico aos servizos.
- Cl@ve permanente, que é un sistema de autenticación deseñado para persoas que necesitan acceder frecuentemente aos servizos electrónicos da Administración. Basease no uso dun código de usuario, o seu DNI ou NIE, e dunha contrasinal que se establece no proceso de activación. Para os servizos de Administración electrónica que requiran un nivel de seguridade elevado, o sistema reforza a autenticación coa solicitude de introdución dun código numérico dun só uso que se envía previamente por mensaxe ao teléfono móbil.

O artigo 13 da Ordenanza reguladora da Administración electrónica do Concello de Pontevedra (Boletín Oficial da Provincia Nº 78, do 27 de abril de 2015), recolle como instrumentos de identificación e acreditación da vontade dos cidadáns os seguintes:

- a) Os sistemas de sinatura electrónica incorporados no Documento Nacional de Identidade.
- b) Os sistemas de sinatura dixital avanzada, incluíndo os baseados en certificado electrónico recoñecidos e admitidos polas administracións públicas.
- c) Outros sistemas de sinatura electrónica como a utilización de claves concertadas nun rexistro previo como usuario, a achega de información coñecida por ambas partes ou outros sistemas non criptográficos, nos termos e condicións que en cada caso se determinen.

Mediante Decreto da Alcaldía de data 3 de marzo de 2016 aprobouse o procedemento de acceso á sede electrónica do Concello de Pontevedra mediante Clave. Deste xeito, o Concello de Pontevedra permite a identificación dos cidadáns mediante usuario e contrasinal proporcionado por esta Administración, previa acreditación persoal. Coa utilización dese usuario e contrasinal poden acceder a sede electrónica. Porén, ao acceder ao portal da Administración Xeral do Estado <https://dehu.redsara.es/> ese usuario e contrasinal proporcionado polo Concello de Pontevedra non é válido. Non obstante, este sistema permite outras utilidades, como presentar escritos no Rexistro electrónico do Concello, obter certificados electrónicos de empadramento, etc.

A disposición final segunda da Ordenanza reguladora da Administración electrónica do Concello de Pontevedra faculta ao Alcalde a ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento da propia ordenanza. Así mesmo, o artigo 124.4.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece como función do Alcalde a dirección da administración municipal.



Venres, 18 de febreiro de 2022

Núm. 34

Atendendo ao anteriormente exposto, esta Alcaldía

*DECRETA:*

*Primeiro.-* Dispoñer que, a partir do día 8 de febreiro de 2022, todas as notificacións que practique o Concello de Pontevedra por medios electrónicos practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única e Notifica, nos termos que se expuxeron na parte expositiva desta resolución.

*Segundo.-* As notificacións que se practicasen polo Concello de Pontevedra por medios electrónicos antes do día 8 de febreiro de 2022, rexeranse en canto a súa practica polo sistema que tiña establecido o Concello de Pontevedra anteriormente a dita data.

*Terceiro.-* Informar aos interesados que dispoñen de Clave proporcionada polo Concello de Pontevedra e que se relacionan electronicamente con esta Administración, das modificacións que se producirán coa utilización do servizo compartido de xestión de notificacións Notifica e co emprego da Dirección Electrónica Habilitada única, en particular, que as notificacións electrónicas que se practiquen por Notifica e Dirección Electrónica Habilitada única, non se pode acceder a través do sistema de clave que facilita o Concello de Pontevedra.

*Cuarto.-* Publicar a presente resolución no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello así como na sede electrónica do Concello de Pontevedra.

Así o dispón e ordena o Alcalde, en Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica, dando fe do acto o Secretario da Administración municipal.”

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos  
Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica

